

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE  
DO 26 DE XULLO DE 2022**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00037438W**

**Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

**2. Acordar manter a orde de continuidade aprobada en Xunta de Goberno Local de data 24/01/2022, do contrato administrativo do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela e aprobar os prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2022-2023.**

Acórdase:

**PRIMEIRO:** manter a orde de continuidade aprobada en Xunta de Goberno Local de data 24/01/2022, do contrato administrativo do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

**SEGUNDO.-** Aprobar os prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2022-2023.

O prazo prazo de solicitude de inscrición nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores no curso 2022-2023, tanto para a renovación de praza como para as novas persoas usuarias, queda establecido dende o 29 de xullo ata o 29 de agosto de 2022 (ámbolos dous inclusive):

**a) Novos usuarios:** primeiro deberán entregar cuberto o correspondente impreso de solicitude de inscrición MODELO ED001 EDUCACIÓN (dispoñible na sede electrónica do Concello) e rexistrarse posteriormente - a partir do 5 de agosto ata o 29 de agosto de 2022 (ámbolos dous inclusive - na APP *ColeChef*. No momento da presentación das solicitudes nos prazos establecidos, non será necesario achegar ningunha documentación. O Departamento de Educación poderá requirir ás familias a presentación daqueles documentos que sexan necesarios para verificar o cumprimento dos criterios de admisión.

**b) No caso dos usuarios/as que fixeran uso dos servizos no curso 2021-2022 e xa están rexistrados** na APP *ColeChef*, só terán que contratar os servizos a partir do 5 de agosto e ata o 29 de agosto, na APP *ColeChef*.

**c)** As solicitudes fóra dos prazos establecidos durante o curso 2022-2023 poderán ser admitidas sempre e cando existan prazas vacantes nos servizos de comedores e madrugadores no momento de presentar a solicitude. En todo caso, terán preferencia, as solicitudes recibidas nos prazos establecidos.

As solicitudes presentaranse segundo o MODELO ED001 EDUCACIÓN (dispoñible na sede electrónica do Concello) ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras)

ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/> ) escolla o trámite “Inscrición nos servizos de madrugadores e comedores” dentro do catálogo de trámites dispoñibles.

O impreso de solicitude poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal).

### **3. Inicio do expediente de contratación do “Servizo de madrugadores e comedor na rede de centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de compostela 2022.**

Acórdase

1. Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do *servizo de madrugadores e de comedores na rede de centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela*.

2. Abrir o procedemento de adxudicación aberto.

3. Autorizar un gasto total por importe de **2.479.169,36 €** (base imponible de 2.387.327,74 € e IVE do 10% por importe de 91.841,68 €, quedando exenta de IVE a prestación dos monitores), que se imputará á aplicación orzamentaria 080 32601 2279900

Establécense uns prezos unitarios máximos de (IVE engadido):

**Almorzo: 3,279 €**

**Xantar: 6,517€**

O crédito de exercicios futuros queda condicionado a súa inclusión nos respectivos orzamentos de gastos.